



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251



### CELESTINO AMIGO LIÑARES, SECRETARIO DO CONCELLO DE CARNOTA.-

#### CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de abril de 2017, por unanimidade dos concelleiros presentes, acordou aprobar a seguinte **proposta da Alcaldía sobre a situación do Rexistro da Propiedade de Muros**

#### “Exposición de Motivos

O Consello de Ministros ven de aproba o Real decreto 195/2017, de 3 de marzo, polo que se modifica a demaración dos Rexistros da Propiedade, mercantís e de bens mobles.

Neste Real decreto procédese a agrupar o Rexistro de Muros ao de Corcubión, que pasan a estar integrados e desempeñados por un único rexistrador, situado na oficina de Corcubión, que terá a consideración de oficina principal, segundo dispón a citada normativa, aprobada polo Goberno Central.

A realidade coa que nos atopamos é que a praza de rexistrador da propiedade de Muros desaparece, manténdose inicialmente unha oficina dependente do Rexistro de Corcubión, que é onde radicará a demaración do Rexistro e a sede da oficina do rexistrador da propiedade.

As medidas adoptadas con respecto ao Rexistro de Muros (que de facto pasa a desaparecer e integrarse no de Corcubión) supoñen o recorte dun servizo público esencial, que pode obrigar aos veciños de Carnota a ter que trasladarse para realizar trámites de especial transcendencia, xa que fai presumir que estas medidas constitúen o primeiro paso para a supresión definitiva deste servizo no termo municipal de Muros.

Resulta indiscutible que unha Vila da importancia de Muros debe contar con servizos como o do Rexistro da Propiedade, vital dende o punto de vista administrativo e socioeconómico para este municipio e a súa área

Por todo o exposto propónse ao Pleno da Corporación Municipal o seguinte ACORDO:

1.-Rexeitar a integración do Rexistro da Propiedade de Muros no de Corcubión, aprobda polo Real decreto 195/2017, de 3 de marzo.



## CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19  
15293 CARNOTA (A Coruña)  
C.I.F.: P-1502000-A  
Telf.: 981 857032  
Fax: 981 857251

- 2.-Solicitar ao Ministerio de Xustiza que revoque esta medida e permita a permanencia do Rexistro da Propiedade de Muros, dando traslado ao citado Ministerio do presente acordo plenario.
- 3.-Dar traslado do presente acordo plenario ao Goberno da Xunta de Galicia e aos Grupos Políticos do Parlamento de Galicia, aos efectos de instar o seu apoio á reivindicación da permanencia do Rexistro da Propiedade de Muros.
- 4.- Instar que a agrupación dos rexistros sexa persoal e non funcional.
- 5.-Dar traslado á Deputación e á FEGAMP desta reclamación."

E para que así conste, para os efectos oportunos, expido este certificado co visto e praxe do Sr.alcalde, D. Ramón Noceda Caamaño, en Carnota a catro de maio de 2017

Visto e Praxe,  
O alcalde



Ramón Noceda Caamaño